



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2019

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D. José Bello López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 18 de decembro de 2019, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 4 E 21 DE OUTUBRO, 8 DE NOVEMBRO E 3 DE DECEMBRO DE 2019.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. POS+ 2020. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2020”. ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
<i>Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores</i>	0	0	0
<i>Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores</i>	0	0	0



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Subtotal pago a provedores	0	0	0
-----------------------------------	---	---	---

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	172.479,81 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	172.479,81 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO DE POUSADOIRO A SEBLE (VISANTOÑA) E OUTRO	30.000,00 €	0	30.000,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	30.000,00 €	0	30.000,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos "financeiramente sostibles")	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO DE AC-223 AS BARREIRAS (XANCEDA) E OUTRO	49.001,96 €	7.043,11 €	56.045,07 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	49.001,96 €	7.043,11 €	56.045,07 €



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
	0	0	0
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
		0
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0	0	0
	Achega 2020	0	0	0
	Achega 2020	172.479,81 €	0	172.479,81 €



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	30.000,00 €	0	30.000,00 €
	Achega 2019	49.001,96 €	7.043.11 €	56.045,07 €
	Préstamo 2020	0	0	0
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0	0	0
TOTAL	Achega 2020	202.479,81 €	0	202.479,81 €
	Achega 2019	49.001,96 €	7.043.11 €	56.045,07 €
	Préstamo 2020	0	0	0
	TOTAL	251.481,77 €	7.043.11 €	258.524,88 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
CAMIÑO DE SOUTELO A MESÍA (OLAS)	143.399,54 €
CAMIÑO DE SOUTELO (OLAS) A LÍMITE VILAMAIOR (ORDES) E OUTRO	76.513,64 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

TOTAIS	219.913,18 €
---------------	--------------

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mesía, 12 de decembro de 2019. O alcalde, Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que as distintas achegas 2019 e 2020 desagreganse tal como se fai constar na proposta, debendo destacarse que nunca se solicitou o préstamo, e que tampouco hai débedas con provedores. Por outra banda, tamén se presentan dous proxectos para o plan complementario polo importe que esixe o propio Plan.

De seguido, o Sr Alcalde explica brevemente o contido dos distintos proxectos.

Toma a palabra a Sra. Louro, quen solicita aclaración da subida do importe destinado a gasto corrente respecto doutros anos. Resposta o Sr.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Alcalde que a achega que nos dan este ano é inferior á do ano pasado, e se destinan uns corenta e catro mil euros máis a gasto corrente que en 2018, o que permite liberar esa cantidade e, polo tanto, ter máis dispoñibilidade de recursos propios para destinalos a inversións municipais sen estar suxeitos aos prazos da Deputación, ou para realizar achegas municipais cumprimentando outras subvencións.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MESÍA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA. FASE I. CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA).

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, visto o requirimento de Augas de Galicia de data 4 de decembro de 2019 para asinar a referida addenda ao convenio, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Mesía para a execución da actuación de ampliación da rede de distribución de auga no Concello de Mesía. FASE I. Concello de Mesía (A Coruña), que de seguido se transcribe:

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MESÍA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA. FASE I. CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Lugar, data

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Mariano Iglesias Castro, alcalde do concello de Mesía, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

O 04.01.2018 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Mesía para a execución da actuación de ampliación da rede de distribución de auga no Concello de Mesía. Fase I. Concello de Mesía (A Coruña), e o 18.02.2019 subscribiuse a primeira addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, reaxustar anualidades a fin de adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras.

Debido a que se produciron retrasos dos trámites administrativos previos á licitación do contrato é preciso proceder á tramitación dunha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, o reaxuste das anualidades a fin de adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras, tendo en conta o prazo de execución da obra establecido no proxecto e os prazos previstos para a licitación, e adxudicación do contrato.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas quinta e décima, nos seguintes termos:

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de cincocentos setenta e seis mil cento noventa e catro euros con vinte e tres céntimos (576.194,23€). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2020: 200.000,00 €

2021: 376.194,23 €

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os hipotéticos incrementos derivados de posibles modificacións das actuacións serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2021. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, as partes asinan documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado.

A presidenta de Augas de Galicia Ethel María Vázquez Mourelle.

O alcalde de Mesía Mariano Iglesias Castro."

SEGUNDO: *Remitir a Augas de Galicia certificación do presente acordo.*

Mesía, 12 de decembro de 2019. O alcalde, Mariano Iglesias Castro.

Manifesta o Sr. Alcalde que a addenda é literalmente a que nos remite Augas de Galicia. As cantidades xa figuran nos orzamentos da Xunta, polo que



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

só nos queda esperar que Augas de Galicia licite a obras e se executen.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN DO BNG PARA POÑER FREO Á EMIGRACIÓN.

O Sr. Alcalde da conta da moción do BNG relativa a poñer freo á emigración, e que, de seguido, se transcribe:

“MOCIÓN PARA POÑER FREO Á EMIGRACIÓN

O grupo municipal do BNG de Mesía presenta para o seu debate en Pleno a seguinte moción para frear a emigración, moción presentada no Concello de Mesía por Vía Galega, plataforma social da que fan parte unha mancha de asociacións e fundacións de ámbito galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG fai súa a moción presentada por Vía Galega, xustifica nos seguintes motivos:

A Emigración é un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

Segundo datos de Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017 -últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre o 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A mediados do século XIX a poboación de Galiza representaba o 11,5 % da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64 %. En 1950 situábase no 9,26 % e en 2018 era só do 5,74 %. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

- *Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.*
- *Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.*
- *Deben ser eixos destas políticas:*
 - *A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.*
 - *A creación de emprego digno e de calidade.*
 - *O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.*
- *O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.*

Mesía, 11 de decembro de 2019

*Asdo.: Dona Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG.
SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA.”*

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen manifesta que esta moción lle parece necesaria, e se está a presentar en todos os concellos, tamén na Deputación conxuntamente co PSOE, e no concello de Arteixo foi asumida por todos os grupos políticos. Trátase de poñer freo ao que está sucedendo tanto aquí como a nivel estatal.

Toma a palabra o Sr. López quen manifesta que a emigración non é boa se é á forza. Eu mesmo son emigrante; e Mesía ten moitas armas para utilizar como buscar inversión, solo industrial para as empresas, axudas para quen decida asentarse en Mesía. É por isto que tendo a man, sen importar os partidos políticos, na aposta polo rural, xa que ademais isto a longo prazo vai a afectar máis.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Toma a palabra a Sra. Sánchez, que manifesta que van a aprobar a moción, e aínda que en Mesía non se leven a cabo políticas específicas ao respecto, e a pesar de non ter toda a axuda para o rural dende a Xunta, procúrase que no concello se dea unha situación óptima. Fíxose un Plan Xeral, unha traída de augas con aportación municipal, un P.A.I., mantense dos escolas unitarias, facilítase a tramitación administrativa aos cidadáns, están baixos os impostos. Non damos recursos, pero o que temos poñémolo a disposición de todos e, a nivel social, hai catorce persoas na plantilla para o coidado dos maiores. Se procura que as necesidades básicas estean cubertas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen agradece a man tendida do Sr. López, con independencia da opción política, significando que os acordos que se toman polos aquí presentes son sempre polo ben de todos.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a moción a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓNS.

O Sr. Alcalde pon de manifesto que tanto o PSdeG-PSOE como o BNG van a presentar conxuntamente, de conformidade co artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, unha moción de urxencia sobre o servizo deficitario de atención primaria no concello de Mesía, os efectos de esixir á Xunta que se dote de forma inmediata do persoal médico preciso para unha correcta e continua atención médica.

Polo Sr. Alcalde sométese ao Pleno a aprobación da urxencia da moción, de conformidade co disposto nos artigos 83 e 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que é acordada por unanimidade.

E de seguido da conta da moción, da que o seu teor literal di:

"MOCIÓN SOBRE O SERVIZO DEFICITARIO DE ATENCIÓN PRIMARIA E FREO AO SEU DETERIORO NO CONCELLO DE MESÍA.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Os grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE presentan conxuntamente a seguinte moción sobre a situación da sanidade no Concello de Mesía para o seu debate e posterior aprobación polo Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante os últimos anos o goberno liderado polo Sr. Feijoo foi deteriorando a Atención Primaria tanto coa minoración da inversión como ca non reposición de persoal e tamén ca negativa a crear novas prazas.

A pesares das constantes promesas de incremento do investimento, o certo é que o que agora parece no orzamento da Xunta está moi por debaixo do que había no ano 2009. Nos últimos anos o déficit na taxa de reposición fixo que a falla de persoal sexa unha realidade que xa estamos a padecer e que pode empeorar nos vindeiros anos xa que hai unha cantidade moi importante de persoal en idade de xubilación, prazas moitas elas que non están recollidas na oferta de emprego da Xunta.

Todo isto fai que haxa un déficit moi importante de profesionais e isto provoca unha masificación das consultas o que está dificultando o acceso á atención primaria, tal e como están denunciando as e os profesionais. A atención primaria vaise deteriorando pola falla de planificación intencionada do Partido Popular que deste xeito pode adoptar solucións como a da privatización de determinados servizos para que uns cantos fagan negocio coa nosa saúde como xa estamos vendo que aconteceu noutros lugares do estado onde gobernan.

En Mesía estamos sufrindo todos estes problemas en primeira persoa. No noso concello non se están cubrindo as baixas do persoal médico de forma habitual, cancelándose as consultas e retrasándose as novas citas.

Para nós está claro, queren acabar coa atención primaria no noso concello e, con isto, privar dun servizo esencial as nosas veciñas e veciños, obrigándoas/os a desprazarse a outros concellos para ter servizos médicos.

Consideramos que unha das necesidades prioritarias do noso municipio, no que ao estado de benestar se refire, é a asistencia sanitaria. A situación actual no noso concello é deficitaria xa que, nos últimos tempos, se vén producindo de forma continua a falta de médico de atención primaria no Centro de Saúde de Visantoña.

Mesía conta cunha poboación moi envellecida, polo que é necesario que contemos cun médico neste centro para unha eficaz atención e para evitar así o desprazamento das persoas, sobre todo maiores, e daquelas que carecen de medios de transporte, ao Centro de Saúde de Xanceda, a onde son derivadas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Por outro lado, esta derivación provoca a sobrecarga asistencial doutros profesionais e, en consecuencia, a falta de atención sanitaria da veciñanza. Isto agrávase cando o facultativo do Centro de Saúde de Xanceda, por circunstancias (vacacións, baixas, ...), non pode asistir á consulta, quedando así pendentes dun substituto.

Son numerosas as queixas dos/as veciños/as polas incomodidades e prexuízos que lles ocasiona esta situación e o medo manifesto que teñen de quedar sen servizo.

A maiores, a veciñanza tamén está preocupada pola eminente xubilación da matrona que atende nos dous centros de saúde do concello e, en consecuencia, pola súa substitución. Pois de non producirse esta, obrigaría ás pacientes á desprazarse ao Centro de Saúde de Ordes, xa moi saturado e coa imposibilidade de prestar a atención necesaria requirida.

Os/as veciños/as de Mesía teñen o dereito de dispoñer dun servizo público sanitario digno e axeitado.

Por todo isto, o BNG e o PSdeG-PSOE de Mesía propoñen ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Esixir á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e á Xerencia do SERGAS a que doten de forma inmediata do persoal médico preciso para unha correcta e continua atención médica no Concello de Mesía.

Segundo: Poñer fin, de forma urxente, á falta de mantemento das instalacións dependentes da Consellería de Sanidade neste concello.

Terceiro.- Tomar as medidas necesarias para acabar coas listas de espera nas citas cos/as especialistas e para a realización de determinadas probas médicas que poden ser vitais na detección precoz de enfermidades e evitar doenzas que producen dor ou que se poden agravar co paso do tempo.

Cuarto.- Comunicar a presente Moción á Consellería de Sanidade e á Xerencia do SERGAS .

Mesía, 18 de decembro de 2019

Asdo.: Dona Beatriz Louro López. BNG. Asdo.: Don Mariano Iglesias Castro. PSdeG-PSOE"

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a moción a votación,



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (343/2019 A 455/2019).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

DECRET O	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
343	Persoal	Modificación xornada laboral Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	01/10/2019
344	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno Ordinario 14-2019 do 04/10/2019	01/10/2019
345	Economía e facenda	Execución do gasto 01/10/2019	01/10/2019
346	Persoal	Recoñecemento antigüidade e do 13º trienio a D. Jaime Mata Sesmonde	01/10/2019
347	Contratación	Contrato menor de servizos. Actividades deportivas. Curso 2019-2020	01/10/2019
348	Contratación	Contrato menor de servizos. Clases de baile e pandeireta. Curso 2019-2020	01/10/2019
349	Contratación	Contrato menor de servizos. Espazos de familias. Curso 2019-2020	01/10/2019
350	Servizos Sociais	Baixa definitiva usuaria Servizo de Axuda no Fogar	02/10/2019
351	Contratación	Contrato menor de servizos. Clases de inglés. Curso 2019-2020	02/10/2019
352	Economía e Facenda	Execución do gasto 03/10/2019	03/10/2019
353	Servizos sociais	Alta usuaria SAF	07/10/2019
354	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	07/10/2019
355	Economía e facenda	Xeración de crédito 15-2019. Subvención Xunta Voluntariado (Diferenzas entre o presupostado e o concedido)	08/10/2019
356	Contratación	Contrato menor servizos. Clases de pintura.	08/10/2019
357	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 21/2019 do 10/10/2019	08/10/2019
358	Economía e facenda	Execución do gasto 09-10-2019.	09/10/2019
359	Contratación	Contrato menor servizos_Clases de pilates	09/10/2019



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
360	Economía e facenda	Devolución ingreso indebido do anticipo da Xunta de Galicia da subvención concedida para iniciativas locais dirixidas a Xuventude, por renuncia á mesma.	10/10/2019
361	Obras e Urbanismo	Aprobación da Cert. 3 da obra PAI en Xanceda	11/10/2019
362	Obras e Urbanismo	Corrección erro material decreto 361/2019 de aprobación da Cert. 3 da obra PAI en Xanceda	11/10/2019
363	Economía e facenda	Execución do gasto 11-10-2019.	11/10/2019
364	Persoal	Nomeamento de secretaria accidental	11/10/2019
365	Obras e Urbanismo	Concesión licenza CPACOM 11/2019	14/10/2019
366	Obras e Urbanismo	Concesión licenza CPACOM 12/2019	14/10/2019
367	Contratación	Aprobación Cert. 1-final obra "Colocación e Varandas nas Brañas da Valga"	15/10/2019
368	Contratación	Aprobación Cert. 1-final obra "Camiño no Regueiro (Bascoi) e outros"	15/10/2019
369	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	15/10/2019
370	Subvencións	Aprobación conta xustificativa subvención obra "Colocación de Varandas nas Brañas da Valga (Visantoña)"	16/10/2019
371	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno extraordinario 15/2019 do 21/10/2019	16/10/2019
372	Contratación	Devolución aval obra Camiño en Xanceda Vella e outros.	17/10/2019
373	Contratación	Devolución aval obra Camiño do Cruce do Vilar ó Rio Samo (Mesía)	18/10/2019
374	Padrón de Habitantes	Aprobación selo electrónico de órgano e regulación de actuacións administrativas automatizadas no Concello de Mesía	18/10/2019
375	Contratación	Contrato menor de servizos de impartición de clases de gaita e percusión	18/10/2019
376	Economía e facenda	Execución do gasto 21/10/2019	21/10/2019
377	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 22/2019 do 24/10/2019	22/10/2019
378	Economía e facenda	Corrección erros materiais decreto 55/2019. Subvención Xunta. Acondicionamento area recreativa Ponte Carballa (Anualidade 2019)	22/10/2019
379	Facenda municipal	Baixa recibo lixo duplicado 2019	22/10/2019
380	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da auga de abastecemento municipal	22/10/2019
381	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da auga de abastecemento municipal	22/10/2019
382	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón de lixo exercicio 2020	22/10/2019
383	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón de lixo exercicio 2020	22/10/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
384	Persoal	Solicitude subvención aedl 2019	23/10/2019
385	Facenda municipal	Alta no Padrón de lixo exercicio 2020	23/10/2019
386	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón de lixo exercicio 2020	23/10/2019
387	Facenda municipal	Cambio denominación social titular no Padrón de lixo exercicio 2020	23/10/2019
388	Economía e facenda	Liquidación SAF mes setembro 2019	24/10/2019
389	Cultura	Conta xustificativa subvención dotación de novidades editoriais en galego	25/10/2019
390	Facenda municipal	Modificación Padrón lixo exercicio 2020	29/10/2019
391	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón de lixo exercicio 2019	30/10/2019
392	Economía e facenda	Execución do gasto 30-10-2019	30/10/2019
393	Economía e facenda	Execución do gasto 30-10-2019. Nóminas mes outubro 2019	30/10/2019
394	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón polo abastecemento de auga municipal	30/10/2019
395	Cultura	Conta xustificativa subvención Ler conta moito 2019	31/10/2019
396	Cultura	Conta xustificativa subvención Ler conta moito en igualdade e violencia de xénero 2019	31/10/2019
397	Economía e facenda	Execución do gasto 04-11-2019	04/11/2019
398	Servizos sociais	Baixa usuario SAF	04/11/2019
399	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	04/11/2019
400	Economía e facenda	Xeración de Crédito 16/2019. Pacto de Estado en Materia de Violencia de Xénero 2019.	04/11/2019
401	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno extraordinario 16/2019 do 08/11/2019	05/11/2019
402	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 23/2019 do 08/11/2019	06/11/2019
403	Servizos sociais	Baixa usuaria SAF	07/11/2019
404	Facenda municipal	Aprobación do padrón da taxa polo servizo de abastecemento de auga municipal 3º ttre. 2019	08/11/2019
405	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da auga de abastecemento municipal	08/11/2019
406	Contratación	Aprobación certificación 1ª obra "Camiño en Cabanas (Lanzá) e outros", POS +2019. expte. C06/2019	12/11/2019
407	Economía e facenda	Execución do gasto 12/11/2019	12/11/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
408	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente do 13/11/2019	13/11/2019
409	Economía e facenda	Transferencia de crédito 02/2019	13/11/2019
410	Persoal	Nomeamento de secretaria-interventora accidental	14/11/2019
411	Xuventude	Conta xustificativa subvención Programa voluntariado xuvenil 2019	14/11/2019
412	Facenda municipal	Cambio tipo de local no Padrón de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	15/11/2019
413	Facenda municipal	Alta no Padrón de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	15/11/2019
414	Axuda veciñal	Resolución concesión axudas transporte escolar 2019/2020	18/11/2019
415	Facenda municipal	Cambio uso enganche abastecemento auga municipal	19/11/2019
416	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	19/11/2019
417	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 25/2019 do 21/11/2019	19/11/2019
418	Contratación	Adxudicación contrato menor servizos para servizo de traballadora social	21/11/2019
419	Contratación	Corrección de erros do decreto 419/2019	21/11/2019
420	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	22/11/2019
421	Servizos sociais	Alta usuaria SAF	22/11/2019
422	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	22/11/2019
423	Economía e facenda	Execución do gasto 25/11/2019	25/11/2019
424	Economía e facenda	Devolución ingreso indebido.	26/11/2019
425	Economía e facenda	Execución do gasto 26/11/2019	26/11/2019
426	Economía e facenda	Devolución ingreso indebido.	26/11/2019
427	Economía e facenda	Devolución ingreso indebido	27/11/2019
428	Facenda municipal	Baixa enganche auga	27/11/2019
429	Facenda municipal	Bonificación 50% recibo recollida de lixo 2020	27/11/2019
430	Facenda municipal	Cambio titular e tipo local lixo 2020	28/11/2019
431	Economía e facenda	Execución do gasto 28/11/2019. Nóminas persoal concello outubro 2019	28/11/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
432	Obras e urbanismo	Concesión licenza CPACOM 06/2019	28/11/2019
433	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno extraordinario 17/2019 do 03/12/2019	28/11/2019
434	Economía e facenda	Execución do gasto 28/11/2019	28/11/2019
435	Economía e facenda	Liquidación servizo de axuda no fogar mes outubro 2019	29/11/2019
436	Economía e facenda	Execución do gasto 03-12-2019	03/12/2019
437	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	03/12/2019
438	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 26/2019 do 05/12/2019	03/12/2019
439	Economía e facenda	Execución do gasto 04/12/2019	04/12/2019
440	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	05/12/2019
441	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	05/12/2019
442	Contratación	Corrección erro decreto 329/2019. Adxudicación obra Camiño xeral de Albixoi en dirección Cabrui e outros	05/12/2019
443	Facenda municipal	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	05/12/2019
444	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	09/12/2019
445	Servizos sociais	Alta usuaria SAF	09/12/2019
446	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	09/12/2019
447	Facenda municipal	Concesión de enganches á rede de abastecemento de auga municipal	10/12/2019
448	Educación	Conta xustificativa subvención gastos limpeza CPI Xanceda	10/12/2019
449	Economía e facenda	Transferencia de crédito 03/2019.	10/12/2019
450	Facenda municipal	Modificación no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	11/12/2019
451	Contratación	Desestimación solicitude prórroga execución obra C08/2019. Camiño en Mata (Xanceda) e outros	11/12/2019
452	Contratación	Inicio expte. resolución contrato de obra C08/2019. Camiño en Mata (Xanceda) e outros	11/12/2019
453	Economía e facenda	Liquidación servizo de axuda no fogar mes novembro 2019	12/12/2019
454	Economía e facenda	Transferencia de crédito 04/2019	12/12/2019
455	Obras e Urbanismo	Acordo de non división en lotes os proxectos das obras incluídas no POS +2020	12/12/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000018

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS OS DÍAS 26 DE SETEMBRO, 10 E 24 DE OUTUBRO E 8, 13 E 21 DE NOVEMBRO DE 2019.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Fai un rogo o Sr. López, que se lle notifiquen por correo electrónico en tempo e forma as sesións plenarias, e esperen a súa confirmación, xa que os correos das tres últimas convocatorias foron á carpeta do "spam" e non os recibiu. Resposta o Sr. Secretario que xa falou cos servizos administrativos encargados de enviar os correos e din que os enviaron, pero non esperaron confirmación, tal como tiñan que facer. Manifesta o funcionario que agora é unha cuestión de orde interno que haberá que solventar, e pide ao Sr. López as máis sinceras desculpas como último responsable.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,